



ACTA DA REUNIÓN 4 DE MARZO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS PARA A ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DO SOFTWARE DOS SERVIDORES, BACKOFFICE E POSTOS DE ESCRITORIO.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2^a da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D. Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da intervención xeral e asuntos económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIA:

Dona María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 10,00 horas do día **4 de marzo de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio.

Orde do día:

Punto primeiro: Exame do informe técnico e comunicación da puntuación obtida pola empresa licitadora por aplicación dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Punto terceiro: Elaboración da proposta de clasificación e requirimento de documentación

Non asisten ningún representante da única empresa concorrente.

Non se procede á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 22, do 3 de febreiro de 2013, por terse cumprimentado este trámite na sesión pública do pasado 26 de febreiro.

Punto primeiro: Exame do informe técnico e comunicación da puntuación obtida pola empresa licitadora por aplicación dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Se procede ao análise do informe técnico de avaliación efectuado polo Servizo de Tecnoloxías da Información sobre o contido da documentación do sobre B oportunamente remitido, que asume a Mesa de Contratación, no que se determina o seguinte:

“A empresa Seidor S.A. oferta unha licenza a maiores de Microsoft SQL Server Enterprise por core, do número de licencias esixido no PPT, polo que obtén 24 puntos neste apartado.

Tamén oferta formación e o programa HUP (Home User Program), polo que neste apartado recibe 24 puntos.

En base a isto concédeselle á empresa Seidor, S.A. unha puntuación de 48 puntos”.

Punto segundo: Apertura e exame da documentación incluída no sobre “C” (“Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas”).

A continuación, e unha vez comprobado polos membros da Mesa de Contratación que se atopa debidamente pechado, se procede á apertura do sobre C presentado pola empresa concorrente e a secretaria le a oferta presentada:

- Prezo: 110.616,56 €.
- 21% IVE: 23.229,48 €.
- Bolsa horas para mantemento: 12 horas.


Punto terceiro: Elaboración da proposta de clasificación e requirimento de documentación.

Á vista de que a oferta presentada pola única empresa concorrente cumpre os requirimentos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas a Mesa de contratación acorda por unanimidade propoñerlle á Mesa do Parlamento, previa oportuna fiscalización, o requirimento de documentación á única empresa concorrente no procedemento Seidor, s.a.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10,20 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Maria Soledad Soneira Tajés
Vogal



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Xosé Antón Sarmiento Méndez
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



María Aneiros González
Secretaria